




CASO DE ÉXITO:

IMPLANTACIÓN DAS NORMAS UNE DE MINARÍA SOSTIBLE EN CAOLINES DE VIMIANZO



XUNTA
DE GALICIA

ÍNDICE

3

RESUMO

4

OBXECTIVOS DA IMPLANTACIÓN

5

O PROCESO DE IMPLANTACIÓN

7

A META



8

AS CHAVES DO ÉXITO

9

QUE É O PRÓXIMO?





RESUMO

CAOLINES DE VIMIANZO, S.A. (CAVISA) LEVA DÉCADAS EXTRAENDO MINERAIS INDUSTRIAIS (CAOLÍN, MICA E AREAS SILÍCEAS FUNDAMENTALMENTE) DE DIFERENTES XACEMENTOS UBICADOS NA COSTA DA MORTE.

Na última década a empresa comezou a pensar na economía circular como eixo da súa actividade.

Froito do compromiso por fomentar a sostibilidade no sector mineiro galego, a Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) chegou a un acordo con Pedra Ingeniería, S.L. para a implantación das Normas UNE de Xestión Mineira Sostible nunha empresa do sector como experiencia piloto para optimizar o proceso e logo poder extrapolar ao resto de empresas asociadas.

CAVISA foi a empresa que mostrou un maior interese por implantar ditas Normas polo que foi seleccionada para a realización do proxecto.

No mes de febreiro de 2019 comezou o proceso de implantación.



A empresa tiña xa implantada dende o ano 2000 a Norma ISO 9001, agora adaptada á versión de 2015, polo que dende un primeiro momento traballouse na integración de ambas Normas.

Durante o proceso, CAVISA decidiu implantar tamén a Norma ISO 14001, polo que finalmente as tres Normas quedaron integradas.

A auditoría externa para a certificación por parte de AENOR de ambas Normas tivo lugar os días 15 e 16 de outubro de 2019, conseguindo CAVISA nese mesmo mes ser a primeira empresa en certificarse en SXMS en Galicia e a primeira en certificarse en SXMS en España, na versión da Norma de 2019.



OBXECTIVOS DA IMPLANTACIÓN

A DIRECCIÓN DE CAVISA TIÑA DOUS OBXECTIVOS FUNDAMENTAIS POLOS QUE IMPLANTAR A NORMA DE XESTIÓN MINEIRA SOSTIBLE:

Poñer en valor todo o esforzo que a empresa ven facendo nos últimos anos en beneficio da súa contorna, sendo algúns dos hitos anteriores á implantación da Norma:



ESTABLECEMENTO DUN PROCESO BASEADO NA ECONOMÍA CIRCULAR:

aproveitamento integral dos recursos, recuperación de antigas escombreiras, procura de novos usos para os seus produtos e subprodutos.



COMPROMISO COA SOCIEDADE:

xeración de emprego e riqueza na contorna, creación de lagunas e masas de auga para aproveitamento humano.



COMPROMISO CO MEDIO AMBIENTE:

rehabilitacións ecolóxicas de antigos ocos mineiros, rexeneración de zonas da contorna degradadas por outro tipo de actividades.

Establecer un marco de traballo que lle permitira desenvolver a súa actividade de forma cada vez máis sostible, cun proceso de mellora continua que tivera como eixo principal o departamento de I+D+i.



O PROCESO DE IMPLANTACIÓN

O PROCESO DE IMPLANTACIÓN COMEZOU POLA FORMACIÓN DA DIRECCIÓN E MANDOS INTERMEDIOS EN SISTEMAS DE XESTIÓN MINEIRA SOSTIBLE.

A PARTIR DE AÍ, REALIZOUSE UNHA PRIMEIRA VISITA PARA O RECOÑECIMENTO DAS INSTALACIÓNS CO FIN DE DETERMINAR O ALCANCE DA CERTIFICACIÓN E IDENTIFICAR OS PROCESOS QUE SE LEVAN A CABO NA EXPLOTACIÓN.

Na seguinte reunión a dirección de CAVISA estableceu unha política específica de compromiso coa sociedade en materia de minaría sostible, que inclúe o fomento do sentido da responsabilidade en todo o persoal da empresa.

A compañía estableceu como obxecto do SXMS “permitir que a empresa desenvolva un sistema para a mellora continua no desempeño dos criterios de sostibilidade”.

Para CAVISA era moi importante definir de forma clara o seu ámbito de influencia xa que a empresa está fortemente arraigada e comprometida coa comarca da Costa da Morte.

Dende esa perspectiva analizouse a influencia directa da actividade ampliándose finalmente o ámbito a toda a provincia da Coruña, xa que a meirande parte dos provedores atopábanse nas grandes cidades da Coruña e Santiago, ou na súa contorna.





Outro apartado importante no proceso de implantación foi a análise das partes interesadas, identificándose un total de 18 grupos de interese dos que se analizaron as súas necesidades, expectativas, respostas a dar e mecanismos de comunicación.

Durante o proceso de implantación identificáronse tamén os requisitos legais que eran de aplicación determinándose máis de 100 normas e avaliándose o seu cumprimento.

Unha vez revisados os indicadores que recolle a Norma UNE 22470: 2019 identificáronse aqueles que eran de aplicación para a actividade de CAVISA, establecéndose finalmente un total de 50 parámetros a medir e analizar.





A META

TRALA ANÁLISE DOS INDICADORES PRIORITARIOS CAVISA PROCEDEU A ESTABLECER OS OBOECTIVOS DE CARA AO VINDEIRO ANO.

O obxectivo fixado foi minimizar os residuos mineiros inertes que se verten á entulleira. Este obxectivo como tal atópase xa parcialmente cumprido, xa que CAVISA leva anos apostando por unha minaría de aproveitamento, onde o antigo estéril da mina constitúe hoxe o recurso a explotar.

Para a valoración deste obxectivo estableceuse un criterio de consecución que establece que o vindeiro ano débese iniciar a xestión de residuos inertes e acadar un réxime de 8.000 t/ano de RCD's.

CAVISA é consciente de que a comunicación resulta chave á hora de implantar un SXMS polo que adicará esforzos en comunicarse con todos os seus GDI.

Nesta liña o ano pasado puxo en marcha a súa nova páxina web que pode verse no seguinte link:



<http://www.e-cavisa.com/>

Finalmente, nun prazo de 8 meses, CAVISA conseguiu o certificado de AENOR de Sistema de Xestión Mineira Sostible.





AS CHAVES DO ÉXITO

Unha das chaves do éxito da implantación do SXMS foi sen dúbida a implicación do equipo humano de CAVISA e o liderado da súa dirección, entendido este liderado como a capacidade dun individuo para influir no seu equipo facendo que este traballe con entusiasmo cara o logro das súas metas e obxectivos.

A outra chave do éxito da implantación da Norma foi que xa existía un compromiso previo de CAVISA coa súa contorna dende un punto de vista tanto social como ambiental, polo que moitas das metas dunha minaría sostible estaban xa máis que encamiñadas.





QUE É O PRÓXIMO?

ENTRE OS OBXECTIVOS A CURTO E MEDIO PLAZO
QUE SE PLANTEA A DIRECCIÓN DE CAVISA
ATOPAMOS:



EFICIENCIA ENERXÉTICA:

a mellora da eficiencia do proceso mediante a implantación de enerxías renovables para autoxeneración de calor e electricidade



ECONOMÍA CIRCULAR:

a apertura de novos centros de explotación derivada das labores de investigación que a empresa está a levar a cabo. As materias primas naturais a obter nestes novos centros son necesarias para poder facer un aproveitamento efectivo dos recursos das antigas escombreras hoxe demandados pola sociedade. Desta forma incrementanse os recursos explotables polo que garantízase a sostibilidade de CAVISA no tempo.

